



NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATÉ AS 20.00 HORAS DO 14/09/22

Juan Mayorga, Blanca Portillo, Leo Bassi, Pablo Messiez, Xosé A. Touriñán, Chévere ou Pont Flotant son algunhas das voces destacadas da nova edición do FIOT

O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo celebra a súa 31ª edición do 30 de setembro ao 31 de outubro e os seus abonos e entradas estarán dispoñibles proximamente a través da web oficial www.fiot.gal

Un total de 39 espectáculos, 8 estreas absolutas, 9 estreas en Galicia e 2 coproducións conforman o cartel do #FIOT31, que reafirma a súa aposta polas voces singulares e as e os artistas cunha identidade propia e única

Silencio, de Juan Mayorga e protagonizada por Blanca Portillo; *La voluntad de creer*, o novo de Pablo Messiez; *Búho*, de Titzina; *Eclipse total*, de Pont Flotant; *Pirólíticos*, estrea absoluta de Mofa e Befá; *70 años: Leo Bassi*, o regreso do bufón todoterreno a Carballo após 25 anos; *Recortes, caneos e outras formas de driblar*, do CDG e Ainé; ou *Impalpable*, de Sambuseck, gran sensación da escena arxentina que triunfa agora a nivel estatal, son algunhas das propostas

Neste 2022 tampouco faltarán á cita seccións clásicas do festival, como OTNI, FIOT en Ruta, Teatro de Rúa, Rúa dos Contos -este ano, en lembranza de Pedro Brandariz-, Micro-escenas Metro Cadrado, FIOTeen e Fiotiño

Carballo, 14 de setembro de 2022.- O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, o FIOT, o certame escénico de referencia en Galicia, **festexará a súa 31ª edición do 30 de setembro ao 31 de outubro**, cun completo programa dun mes de funcións e actividades para todos os públicos.

Este ano, baixo o lema **#VocesFIOT**, o festival aposta pola **visualización da singularidade e da identidade das compañías** que conforman a súa programación. Visións, **propostas e voces moi**





NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATÉ AS 20.00 HORAS DO 14/09/22

diferentes, moi persoais e singulares. Todas elas confirman que **no FIOT collen todas as voces e todos os públicos**: o programa do festival procura, precisamente, esa diversidade, conscientemente, coa intención de chegar a un amplo e diverso abano de espectadores.

O FIOT celebra neste 2022 unha firme proposta artística, na que destaca o seu gusto polo teatro de autor; a súa ambición pola calidade e diversidade e o seu compromiso con creadoras emerxentes. Á vez, o festival convidará ao público a facer memoria e recuperar historias de diferentes xeracións. Pero este ano **o FIOT recordará especialmente a Pedro Brandariz** cunha homenaxe no ciclo que tantas veces acolleu o seu humor único: a Rúa dos Contos.

O FIOT decorrerá desde o venres 30 de setembro cunha chea de propostas para todos os públicos a través das **diferentes liñas de programación** que conforman o festival: Programa de Sala, OTNI, FIOT en Ruta, Teatro de Rúa, Rúa dos Contos, Metro Cadrado, FIOTeen e Fiotiño volverán encher de actividade escénica Carballo. A sección de actividades paralelas, nomeada En Paralelo, acollerá dúas exposicións, dúas xornadas profesionais e outras propostas culturais

Nesta 31ª edición o festival contará con figuras únicas das artes escénicas, como **Leo Bassi**, quen debutou en Galicia hai 25 anos precisamente no FIOT. Aquela actuación propiciou un cambio relevante na historia do certame: a promoción dunha programación de artistas con voces moi diferentes e persoais. A recuperación de Leo Bassi, coa estrea en Galicia de *70 años: Leo Bassi*, afonda nesta idea das #VocesFIOT.

Outras voces imprescindibles do panorama escénico tamén estarán no FIOT. É o caso de **Blanca Portillo** e o seu *Silencio*, creación de **Juan Mayorga**; da estrea en Galicia de *La voluntad de creer*, a última obra de **Pablo Messiez**; e, como non, a **celebración do 30º aniversario de Mofa e Befá**. O FIOT estreará a súa nova obra, *Pirrolíticos*; a exposición 'Trinta anos de Mofa e Befá'; Evaristo Calvo recibirá o galardón Xograr de Outono 2022 e o dúo será protagonista dunha actividade específica, no marco do festival, no que outro evento senlleiro de Carballo, Derrubando Muros, colaborará co FIOT.

Polo **Programa de Sala** tamén pasará a **nova creación do Centro Dramático Galego e Ainé**, *Recortes, caneos e outras formas de driblar*, dirixida por Tito Asorey, con Xose A. Touriñán e con texto de Nacho Carretero; ou unha das sensacións do teatro arxentino, Sambuseck, con *Imparable*. E a Carballo tamén volverán dúas compañías clave das artes escénicas a nivel estatal para estrear en Galicia as súas últimas creacións: **Pont Flotant** (*Eclipse Total*) e **Titzina** (*Búho*).

O FIOT naceu hai 31 anos para xerar toda unha estrutura escénica. Por iso conta cunha liña de programación específica de **apoio á narración oral**, a **Rúa dos Contos**, que este ano regresa aos bares e rende homenaxe a **Pedro Brandariz**. Figuras como Alberte Montes, Marta Doviro, Óscar Terol, Good Sex Maritxu, Marta Iglesias ou Quico Cadaval estarán en Carballo, ademais das voces emerxentes e virais de





NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATÉ AS 20.00 HORAS DO 14/09/22

Pablo Meixe e Adrián do Regenco. O festival manterase na rúa e no espazo público para celebrar o circo e as iniciativas para todos os públicos: o **Teatro de Rúa**, que este ano se celebrará na Praza do Concello os venres 30, 7 e 14; ao igual que boa parte das obras do **Certame Metro Cadrado**, que este ano celebra a súa sexta edición con 4 estreas absolutas de figuras recoñecidas ou novas compañías do sector a nivel autonómico. Serán pezas *site-specific* que se realizarán en seis localizacións diferentes de Carballo.

O apoio á creación estará presente a través da coprodución de pezas como *Pirolíticos*, de Mofa e Befá, ou **Wombo Combo**, da compañía de Carballo Galeatro; ao igual que o apoio á investigación e ao tecido emerxente coa celebración de residencias (Natalia Fernandes) ou do **Certame Metro Cadrado**; así como a visualización de novos formatos e novidosas propostas escénicas, a través da liña de programación OTNI. Esta contará con dúas estreas en Galicia (*Beautiful Stranger*, en colaboración con Camiño Escena Norte; e *Conferencia espectacular*, de David Espinosa). O OTNI completarase coa participación de **Patricia de Lorenzo**, do Grupo Chévere e Xograresa de Outono, e o seu *Pequenas mentiras para contar grandes verdades*; e da compañía madrileña Amor Total con *Freak*.

Xornadas profesionais e avance na inclusión

O FIOT naceu coa vocación de xerar e impulsar o tecido escénico, pero tamén como espazo de encontro para públicos, compañías e axentes culturais. Por iso, durante o #FIOT31 celebráranse **xornadas** profesionais da asociación **Escena Galega** ou do **Colectivo NOGA**, ademais da visita do alumando do CEU de **Xestión Cultural** da Universidade de Santiago. Á vez, o certame serve como rede para espallar e descentralizar a actividade escénica pola comarca de Bergantiños: o teatro chegará aos centros sociais de Verdillo e Ardaña co **FIOT en Ruta** ou á residencia de maiores de Carballo coa Rúa dos Contos.

O FIOT é moito máis que unha programación de espectáculos. É un motor para as artes escénicas galegas. Esa filosofía de rede, de xerar comunidade, de proxecto de continuidade ou de amosar outras realidades sociais periféricas é a súa base. Esa sustentabilidade pola que aposta o FIOT desde hai anos avanza, neste 2022, un paso máis: o programa do FIOT31 introduce a **inclusión**. O festival incorpora **dúas funcións que serán accesibles en lingua de signos**. Trátanse de accións pequenas de nacen con vocación de continuidade e que, de novo, visualizan o compromiso do FIOT por ser máis sustentable e inclusivo.

Entradas

Os abonos e as entradas para a 31ª edición do FIOT saíran á venda nos vindeiros días a través da páxina web oficial www.fiot.gal. Tal e como é habitual, as socias da Asociación Cultural Telón e Aparte terán un prazo propio para a adquisición dos seus billetes. Unha vez remate este, saíran á venda os bonos e entradas para os diferentes espectáculos que conforman a programación do festival.





NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATÉ AS 20.00 HORAS DO 14/09/22

O #FIOT31 en cifras

- 39 espectáculos.
- 8 estreas absolutas.
- 9 estreas en Galicia.
- 2 coproducións do FIOT.
- 2 compañías internacionais (Italia, Arxentina).
- 8 comunidades autónomas (Galicia, Illas Baleares, Navarra, País Vasco, Madrid, Castela e León, Comunidade Valenciana, Cataluña)

As **estreas absolutas** desta edición son:

- **Wombo Combo**, de Galeatro.
- **Pirólíticos**, de Mofa e Befá.
- **Patrón**, de Alberte Montes.
- **Os contos de William Shakespeare**, de Pedras de Cartón.
- **Catro pezas do Metro Cadrado**, que se representarán nos sábados de outubro.

As **estreas en Galicia** desta edición son:

- **Búho**, de Titzina.
- **70 años: Leo Bassi**, de Leo Bassi.
- **Impalpable**, de Sambuseck.
- **Eclipse total**, de Pont Flotant.
- **La voluntad de creer**, de Buxman Producciones y Teatro Español.
- **Beautiful Stranger**, de La Caja Flotante.
- **Conferencia espectacular**, de David Espinosa.
- **SEXperiencias en clave de humor**, de Good Sex Maritxu.
- **Mundo para lelos**, de Óscar Terol.

CONTACTO DE PRENSA FIOT

comunicacion@fiot.gal

Luisa Castiñeira - 620 113 155

Lucía Pita - 675 404 321

KIT DE PRENSA FIOT31

https://www.dropbox.com/sh/mjj0t1cpvrn1nvu/AACxod-W3wg_INZ_xAYDvISsa?dl=0

[Spot FIOT31](#)

[PDF CON PROGRAMACIÓN](#)

